

EXPRESIONISMO

OBRA: A RÚA

AUTOR: Ernst Ludwig **KIRCHNER** (1880-1938)

CRONOLOXÍA: 1913-14

ESTILO: Expresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 121 cm x 91 cm

LOCALIZACIÓN: MOMA, New York



ARTISTA E CONTEXTO ARTÍSTICO

No ano 1905, un grupo de estudantes de arquitectura entre os que se atopaba Ernst Kirchner (1880-1938), fundan o grupo artístico **Die Brücke** en Dresde. Tiñan en común moitas inquietudes; todos se atopaban estudando arquitectura pero, sobre todo, eran entusiastas da pintura. Os trazos que distinguirían á pintura destes expresionistas serían: as cores chillonas e antinaturais; as formas máis ben planas, carentes de volumes; uns escorzos difíciles e uns contornos de forte trazo. En canto á temática, abundan os cadros con temas escabrosos, como prostitución, locais de dubidosa reputación, e tamén se mostran rúas estreitas e escuras, con personaxes ben vestidas e traxeadas. Usaron diversos medios, reivindicando o uso da xilografía, o que determinou que na súa arte se producise rixidez e angulosidade nos contornos. Ademais, cultivaron a litografía e o deseño de mobles. Rexeitaron a arte academicista, buscaron a inspiración na arte primitiva e profundizaron na linguaxe expresionista.

Kirchner foi considerado como a personalidade dominante da comunidade artística coñecida como *Die Brücke*, xa que foi el quen instou á súa fundación en 1905, e quen causou tamén a súa disolución por unha crónica redactada en 1913. A diferenza dos seus compañeiros, Kirchner manifestouse incluso de forma escrita acerca da súa arte. Aínda que a súa formación foi como arquitecto, o artista seguíu cursos en Munich sobre a teoría da composición e debuxo de espidos nunha escola privada, pero a importancia da súa estadía nesta cidade radica nos innumerables estímulos e impresións que atopou: obras de Art Nouveau, exposicións de artistas como Toulouse-Lautrec, Seurat, Pissarro ou Van Gogh, artista que exerceu moita influencia sobre o pintor nos seus primeiros anos, e descubre a obra de Durero, quedando fascinado polas súas xilografías.

A influencia dunha mostra que *Die Brücke* fixo en Dresde en 1908 cos fauvistas franceses (Derain, Dufy, Braque, Van Dongen) reflectíuse na obra de Kirchner que comezou a traballar na aplicación das cores puras, sen mesturar e sen supeditarse aos modelos naturalistas achegándose así ás posibilidades expresivas, e prescindindo do fondo pastoso, para pasar a diluir a pintura en gasolina e untar as cores fluída e amplamente sobre o lenzo. O movemento trasladouse posteriormente a Berlín, onde o artista levaría unha vida máis cosmopolita e social. Kirchner sería o máis revolucionario do grupo expresionista pola súa actitude e os seus elementos plásticos. Instalado en Berlín desde 1911, pinta alí as súas obras máis significativas.

A súa obra mantivo sempre a simplificación formal expresionista e o uso arbitrario da cor. Como os demais pintores de *Die Brücke*, evolucionou desde un primeiro momento de influencia de Van Gogh a un estilo máis sintético e bidimensional, de pinceladas grosas, e unha maior autonomía da cor. A súa temática estivo nun principio adicada á paisaxe, con ou sen figuras, e ao espido, e máis tarde centrouse no tráfico das rúas berlinesas das que, entre 1912 e 1914, pintou unhas memorables escenas. En Suíza voltou á pintura de paisaxe nun crecente misticismo.

Combate na Gran Guerra e sofre unha grave crise nervosa, sendo ingresado nun manicomio ata 1921, e posteriormente instálase en Suíza. En 1937, co nazismo en pleno auge, a súa arte, como a de moitos outros artistas da súa contorna, foi cualificada de “arte dexenerada” e moitas das súas obras foron destruídas ou confiscadas. Despois, a súa xa débil saúde emocional empeorou, e en 1938 suicidouse.

Traballou o autorretrato pero, sobre todo, as escenas cotiás e os temas de xénero. Nas súas obras as figuras son formas moi xeométricas (rombos, rectángulos, círculos, pentágonos). Polo xeral, Kirchner non respecta a realidade, a proporción ou a cor. As cores predominantes son o vermello, o azul chumbo, o amarelo, ocre, rosa, branco, marrón e verde. O pintor utiliza os contrastes de cores complementarias para crear imaxes que atraen a nosa ollada polo seu brillo.

Die Brücke foi un dos grupos pictóricos máis consolidados das vangardas e Kirchner o líder do movemento expresionista alemán de Entreguerras, que exerceu unha gran influencia na Arte do S.XX.

COMENTARIO

A vida na gran cidade converteuse nun tema sobresaínte na pintura do artista a partir sobre todo do ano 1911, en grandes e impresionantes pinturas, debido ao traslado do artista a unha gran cidade, pois o seu espírito reaccionou aguda e fondamente ante o entorno e inflúe no seu modo de pintar. O cambio dunha cidade de provincias como Dresde á gran capital como Berlín, fai que ille as súas figuras do entorno arquitectónico, como ocorre nesta obra, e se concentre na representación psicolóxica do ser humano. As súas figuras non presentan rasgos fisionómicos propios á maneira de retratos, pois son máis ben arquetipos do tipo humano, de quen habita as grandes cidades.

A *rúa* pertence a unha serie de obras onde se representan escenas urbanas da capital alemá, con distintas figuras en cada unha delas. O artista amosou nas súas obras a axitación ou a depravación da noite berlinesa. Entre 1913 e 1915, Kirchner pintou numerosas obras clasificadas como imaxes urbanas ou escenas de rúa, sendo a presente obra unha das primeiras da serie. Pintaba estes cadros no seu estudo baseándose nos debuxos que tomaba do natural, e servíndose como modelos da súa moza, Erna Schilling e a súa irmá Margarida, ámbalas dúas bailarinas dun clube nocturno berlinés, e que aparecen en moitos dos lenzos de inspiración urbana como *cocottes*. Clasifícase como un tema costumista ou de xénero, centrado na vida cotiá da época do artista. A obra presente é un óleo sobre lenzo, e pertence á segunda etapa do Expresionismo. O enfoque desta vangarda, a atmósfera buscada aparece moi ben expresada nesta obra: homes e mulleres, vestidos á moda e con traxes caros, pasean, conversan ou miran obxectos de luxo nun escaparate. Non é un tema sinistro e, sen embargo, a sensación xeral é inquietante. As mulleres aparecen conxeadas en posturas erizadas, representadas cunha pincelada seca, agresiva e dura. Pode tratarse de prostitutas de luxo, ou poden ser que o pintor quixese pintar a mulleres da alta burguesía como prostitutas nunha posible crítica ou denuncia á hipocresía burguesa. As súas extremidades, os zapatos e os adornos dos sombreiros píntanse afiados, o que xunto á maquillaxe e o carmín dos beizos, moi sensuais, ou as expresións duras dos rostros ofrecen un aspecto “vicioso”. Ao tempo, as roupas e sombreiros escuros, ao contrastar coas caras pálidas, producen unha sensación de fragilidade. O artista intensifica a dureza, a angulosidade e a dislocación das formas, potenciando unha atmosfera de decadencia. As personaxes aparecen apretadas no lenzo, sen lugar para que descanse a ollada. Téntase expresar a atmosfera emocional que destilaba a vida urbana berlinesa da época, a alegría e a tristura, con toques de sexualidade, nunha gran metrópole europea. Preocúpase por “destilar” directamente da natureza os elementos esenciais, traballando formas simplificadas e distorsionadas, como os modernos xeroglíficos que expresan os estados da mente do artista.

Nas diferentes obras como a presente, ambientadas nas rúas alemáns, Kirchner acada a madurez do Expresionismo xermánico, expresando de xeito visible o ritmo, a morbosidade, a intensa luminosidade e o erotismo da sociedade da gran urbe, xa que Berlín era unha das cidades europeas máis “liberais” do momento. O tipo de perspectiva é frontal e lineal, cun punto de vista alto ou medio, e unha composición aberta (representase un espazo exterior urbano). O obxectivo que busca Kirchner é a ilusión de movemento; o noso ollo ten que percorrer as liñas das figuras, as horizontais e verticais, e as expresións. O esencial é facer-

nos participar do bullicio, o ruído, as conversas, os tranvías, o tráfico dos automóviles, que non vemos nin escoitamos, pero que podemos imaxinar perfectamente, ao que axuda o propio título da obra.

As cores predominantes son cálidas, tal como podemos apreciar na vestimenta das figuras. O foco de luz, neste caso, virían ser as plumaxes dos abrigos das figuras femininas, xa que o cadro representa unha escena de noite, polo que non hai luz natural, senón artificial.

Berlín foi unha cidade que encantou a Kirchner nada máis instalarse nela: a modernidade, os escaparates, a sociedade ou o tráfico. O pintor pasou moitas horas nas rúas, facendo bosqueiros e debuxos das multitudes que deambulaban por elas, multitudes formadas por elegantes homes e fermosas mulleres, sobre todo, destacando aquelas adornadas con vistosos e deslumbrantes sombreiros de plumas, as *cocottes* ou prostitutas daquela cidade ás portas da Gran Guerra e dos axitados anos 20.